



DEBUXO TÉCNICO APLICADO ÁS ARTES PLÁSTICAS E AO DESEÑO I e II

1. BREVE INTRODUCCIÓN Á MATERIA

O Debuxo técnico aplicado ás artes plásticas e ao deseño, relaciona os contidos fundamentais de Debuxo técnico e o manexo das súas ferramentas coa súa aplicación práctica en diferentes disciplinas de creación artística e de deseño.

A materia organízase ao redor de varios bloques interrelacionados:

Xeometría, arte e contorna. Neste bloque analízase a presenza da xeometría nas formas naturais e nas obras e representacións artísticas do pasado e presente, e abórdase o estudo das principais construcións e transformacións xeométricas para aplicalas ao deseño gráfico, de patróns e mosaicos.

Sistemas de representación do espazo aplicados. Neste bloque apréndese a debuxar en perspectiva a realidade do espazo e, a comunicar o resultado final dun produto ou espazo que se deseñou (Normalización e deseño de proxectos)

Ferramentas dixitais para o deseño. Neste bloque apréndese a utilizar diferentes programas e ferramentas dixitais en 2D e 3D